

ARTE

Fragmentos de natureza na obra de Manuel Sendón

Orgánica e constructiva, a obra fotográfica que Manuel Sendón expón en Compostela extrae metáforas de impactantes paisaxes axitadas e difumina os límites coa pintura

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

A exposición *Anacos*, exhibida na compostelá Galería C5 Colección, reúne os últimos traballos do fotógrafo Manuel Sendón (A Coruña, 1951) enunciados a través da seriación. Exhibense as series denominadas *Obras*, *Animais* e *Cuspindo a barlovento*. Ademais, os fondos da galería conteñen a colección vacas e paisaxes.

A primeira destas series deriva dun proxecto: o seguimento fotográfico das obras levadas a cabo no campus da Universidade de Vigo. O encargo non estivo sometido a condicionantes, como lles impoñían absoluta liberdade destrinando a pura imaxe documental en beneficio da artística. Trátase dunhas visións plásticas, extraídas e pezas arquitectónicas de produción industrial; soportes estruturais que o levan a establecer suxestións e metáforas entre elementos ínfimos cos máis sublimes.

Columns ou vigas son punto de arranque para mostrar que no pequeno contén o ggrande, como viron os fotógrafos da Bauhaus, que en diminutas pezas se ocultan segredos. Establécese relacións perceptivas entre a mímese e o concepto, entre a pintura e a fotografía. Sirva de exemplo a prancha encadeada impregnada dun chorro de pintura á maneira do *dripping polloniano* ou a aliñación dunha serie de paos perdidos no infinito, a penas interrompidos, como parafraseando o movemento minimalista nunha actitude nada pasiva.

A serie *Animais*, baixo a mirada fotográfica de Manuel Sendón, dota esa decadencia orgánica de animais mortos, vacas ou peixes, na calidade ornamental. Imaxes un tanto



Unha obra da serie 'Obras'



Fotografía do grupo 'Anacos'

agresivas, sobre todo as dedicadas ó tema das vacas tolas, exhibidas a modo de trofeos, son pezas que encaran a violencia política ou a depredación do medo. O disparo fotográfico é o símil da cacería humana. Un retén a vida no flash, outro a mata no tiro corporal. Enfatízase o lugar do conflito, o que de animal e instintivo

posúe o home. Con temas desagradables como a morte dun animal, apoiado da estética do retrato, forma equilibradas composicións resoltas ás veces en dipticos ou trípticos situados con esmero no lugar específico tomadas moitas, curiosamente, antes da ameaza de fortes convulsións vindeiras como o

efecto do petróleo nas nosas verdes costas.

A desecación do congreso lévao por vías suxestivas á imaxinación. O espectador sente liberar efectos alucinatorios pola contemplación de esqueletos axitados en paisaxes sucintos rozando coa cabeza as nubes en chiscadela a Magritt. Corpos verticais erguidos cal totems e óseas oqueadas a modo de cavernas converten a paisaxe na pura escenografía teatral con espacios perforados pola acción do vento ou o efecto das mareas. Vanglóríanse expectantes cal remedo de formas Gaudianas.

A secuela da marea negra na serie *Cuspindo a barlovento* lémbraos aquela visión de Antón Patiño do barco que derramando petróleo no mar fai pintura. Moita obra propiciou desde entón o efecto do negro chapapote nas costas en xeral.

Nesta serie é a súa unha aproximación prolongada e intensa, un achegamento a esa masa de alcatrán viscosa, densa, tremendamente matérica e apreciada polo fotógrafo para extraerlle as súas texturas e pregues. Aproveitando ese efecto do negro nas farolas, árbores, nos traxes dos percebeiros, en útiles reconvertidos para a ocasión; en suma, en todo o que toca ó seu paso para expresar o berro de tristura e rebeldía ante imaxes totalmente escuras ou salpicadas por gromos viscosos e fascinantes só ó ollo dunha cámara exploradora de toda a súa forza e sensualidade.

Ó seu labor docente, investigador como escritor, editor e promotor de exposicións e conferencias, únese o seu papel de artista que parodia sempre desde a ironía de bo galego determinadas actitudes sociais abertas ó debate público.

CINE

Un ladrón con demasiada boa fortuna

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

EL BUEN LADRÓN

Dirección e guión: Neill Jordan
Intérpretes: Nick Nolte e Tcheky Karyo
Nacionalidade: Reino Unido

Bob (Nick Nolte) é un ladrón americano, visto a menos entre xogo e droga, retirado en ambientes sórdidos de Niza. Aclimatado na mestura de paisaxe belísima da costa francesa, ricos de casino e marxinais estranxeiros da noite e da prostitución, resiste a intelixencia matemática do cínico Bob, aínda con sensibilidade para se fixar con paternal amor nunha nena chegada do este, aínda con forza para se encadear durante tres días á cama para resisti-lo síndrome de abstinencia.

Conta, por se non fose suficiente, cun policía amigo que o persigue, que case o protexe coma un irmán, que intentará aborta-la última tentación. E así, entre ambigüidades, xiros, probabilidades e casualidades vaise construindo a historia dun pícaro demasiado intelixente para estar tan vello e maltratado pola vida, demasiado forte para beber, fumar e inxectarse heroína coa insitencia con que o fai, demasiado afortunado para andar constantemente rodeado das persoas e proxectos.

Neil Jordan recupera o filme de Jean Pierre Melville con dose de entretemento, pero no pasa de aí. Certo que Nick Nolte dá á perfección o personaxe, ningún adicto encaixaría mellor no papel, e que Tcheky Karyo representa un poli amigo agradable, e mesmo que Nutsa Kukhianidze mostra un lánguida beleza, entre a indefensión e o descaro moi atractivos, pero aínda así a peza carece da tensión e forza suficientes para eleva-la ó voo que os filmes con vida propia collen. *O bo ladrón* acaba no paraíso sen demasiada xustificación.

Será así desde a perspectiva da fe, será que a gracia divina recae gratuitamente sobre quen Deus elixen sen merecementos nin explicacións de ningún tipo, pero as películas non funcionan coma a gracia divina. Non acaba de callar que un home arruinado, acabado, antihero e fracasado convicto, acabe redimido e salvador, saltando tal cantidade de obstáculos, só porque unha nena de cristal chegada do este, un cúmulo de coincidencias e a fortuna o poñan na cruz, á beira do salvador, quen, esa mesma noite, lle concederá a gloria e o paraíso. Demasiada fortuna. Demasiadas concesións para facer cadrar un filme tan cómodo.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE